4.1 Confeciona obras tridimensionais con diferentes materiais planificando o proceso e elixindo a solución máis adecuada aos seus propósitos na súa produción final.

5. Aprender a utilizar o compás. Trazado de círculos e circunferencias. A división da circunferencia aplicada á construción de elementos florais.

5.1. Coñece e emprega a maneira de dividir a circunferencia en partes iguais.

5.1. Aplica a división da circunferencia á construción de elementos florais aos que posteriormente aplica o color.

## ÁREA DE VALORES CÍVICOS

### BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA

1. Crear unha imaxe positiva de sí mesmo, tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconceito, aceptando as súas características persoais e as dos demais.

1.2. Expresa a percepción da súa propia identidade integrando a representación que fai de sí mesmo e a imaxe que expresan os demais.

1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias cualidades e limitacións.

2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva y expresándoo sin temores.

2.1. Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.

2.2. Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.

2.5. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.

2.6. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos á vez que respecta os dos demais nas actividades cooperativas.

3. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común

3.1. Participa na solución dos problemas escolares con seguridade e motivación.

3.2. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.

3.3. Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas.

## BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

1. Expresar opinións, sentimentos e emocións empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal, respectando as exposicións e ideas dos demais.

1.1. Expresa con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.

1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.

1.3. Utiliza a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais e debates.

1.4. Expón respectuosamente os argumentos.

1.5. Participa activamente en exercicios de debate, defendendo as súas ideas de maneira ordenada e argumentada.

2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía, sendo capaz de poñerse no lugar do outro, entendendo as súas razóns, respectando as súas condutas e tratando de crear espazos de convivencia na diversidade.

2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación dende o punto de vista do que fala.

2.2. Dialoga interpretando e dando sentido ao que escoita.

2.3. Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está dicindo.

3. Empregar a asertividade, manexando correctamente o ton e o volume necesarios nas diferentes situacións

3.1. Expresa abertamente as propias ideas e opinións.

3.2. Realiza unha defensa tranquila e respectuosa das posicións persoais.

3.3. Utiliza a linguaxe positiva.

3.4. Autoafirmase con respecto.

4. Establecer relacións interpersoais positivas empleando habilidades sociais, creando, desenvolvendo e fortalecendo os sentimentos implícitos nas relacións de grupo.

4.1. Interacciona con empatía.

- 4.2. Utiliza diferentes habilidades sociais.
- 4.3. Sabe contribuir á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.
- 5. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas, entendendo a importancia do intercambio cultural na nosa sociedade e con perspectiva histórica.
  - 5.1. Identifica diferentes maneiras de ser y actuar.
  - 5.2. Respecta e acepta as diferencias individuais.
  - 5.3. Valora as cualidades doutras persoas.
  - 5.4. Comprende e aprecia positivamente as diferencias culturais.
- 6. Analizar críticamente e expresar correctamente de maneira oral e escrita as consecuencias negativas dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan, o seu efecto nas persoas que os sufren e buscando posibles solución
  - 6.1. Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.
  - 6.2. Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do entorno social próximo.
  - 6.3. Detecta e enxucia críticamente prexuízos sociais detectados no seu entorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos.

### BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

- 1. Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e mostrando condutas solidarias, coñecendo e respectando as regras do traballo en grupo.
  - 1.1. Mostra boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
  - 1.2. Recurre ás estratexias de axuda entre iguais.
  - 1.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo.
  - 1.4. Utiliza as habilidades do traballo cooperativo.
  - 1.5. Emplea destrezas de interdependencia positiva.
  - 1.6. Describe condutas solidarias.
- 2. Practicar o altruismo no entorno cercano sensibilizando sobre o seu valor, entendendo a xenerosidade como ferramenta na loita contra as desigualdades e comprendendo a necesaria cooperación entre países.
  - 2.1. Mostrase xeneroso co seu entorno cercano.

2.2. É capaz de sensibilizar sobre causas altruistas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos.

2.3. Colabora en causas altruistas en colaboración coa comunidade educativa.

3. Implicarse na elaboración e o respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.

3.1. Explica o concepto de norma.

3.2. Argumenta a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.

3.3. Participa na elaboración das normas da escola.

3.4. Infíre a necesidade de normas na súa comunidade educativa.

3.5. Respecta as normas do centro escolar.

4. Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do entorno social.

4.1. Argumenta e expón mediante imáxes a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

4.2. Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...

4.3. Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade,...

4.4. Descubre y enxucia críticamente casos cercanos de desigualdade e discriminación.

4.5. Detecta prexuízos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.

5. Crear un sistema propio de valores asumindo os dereitos e deberes do alumno. Coñecer os dereitos e deberes dos alumnos

5.1. Coñece e respecta os dereitos e deberes dos alumnos.

5.2. Realiza xuízos morais de situacións escolares.

5.3 Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrentarse aos problemas.

6. Comprender a importancia da contribución dos cidadáns aos servizos públicos e os bens comúns a través dos impostos realizando razoamentos críticos e analizando situacións do entorno nas que se faga un mal uso destes bens

6.1. Comprende, valora e expón por escrito o deber da aportación cidadá ao ben da sociedade.

6.2. Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns.

6.3. Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.

7. Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto do entorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican.

7.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.

7.2. Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.

7.3. Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a saúde e a calidade de vida.

7.4. Expón gráficamente argumentos para rechazar actividades humanas contaminantes.

8. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en entornos seguros, coñecendo e respectando os códigos de idade e os perigos do mal uso das redes sociais.

8.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.

8.2. Coñece e emprego seguro das novas tecnoloxías.

9. Valorar as normas de seguridade vial, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.

9.1. Comprende a importancia do respecto das normas de educación vial.

9.2. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.

## **6.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA**

A incorporación das competencias básicas no currículo da educación primaria require reconsiderar a práctica educativa para permitirlle ao alumnado integrar as súas aprendizaxes relacionándoas con diferentes tipos de contidos (conceptos, destrezas e

actitudes), usar eses contidos con efectividade cando cumpra e aplicalos a situacións e contextos variados. Consecuentemente, a práctica educativa debe:

- Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias; os contidos esenciais deberán ser considerados e analizados desde a óptica da utilidade para formar cidadás e cidadáns cos perfís necesarios para moverse con adecuación, responsabilidade e liberdade no mundo actual.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización
- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes e diversificados e conseguindo que as nenas e os nenos contemplan diversos xeitos de actuación e adquiren a capacidade de enfrontarse a situacións novas.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender (participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo, controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo).
- Favorecer o traballo cooperativo e a práctica vivenciada da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.
- Permitirlle ao alumnado moverse con seguridade entre a superabundancia e rápida renovación da información, fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación dela.
- A metodoloxía será global, será activa, entendendo por tal tanto a actividade mental coma física que potencie a construción de aprendizaxes significativas.
- Os modelos de ensino-aprendizaxe deben atender á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente coma na selección de contidos.
- A aprendizaxe é un proceso interactivo no cal cómpre a participación activa e dinámica das nenas e dos nenos, que achegarán as súas habilidades, destrezas, actitudes, conceptos, intereses, xunto ás do resto de compañeiras e compañeiros, nun ambiente de cooperación.
- Utilizaranse métodos que lles permitan aos rapaces e ás rapazas identificar a necesidade de información, localizala, selecciónala e recoñecer as fontes e os recursos máis apropiados, así como responsabilizarse do seu uso ético e adecuado.
- Son precisos enfoques didácticos que lle permitan ao alumnado utilizar cada vez máis autonomamente as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe. No desenvolvemento da autonomía na aprendizaxe inflúen aspectos como que o alumnado encontre sentido ao traballo que debe realizar, o coñecemento dos obxectivos e finalidades que se pretenden acadar, a consciencia dos propios erros e a busca de recursos necesarios para superalos.

O profesor actuará como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes: utilizará contextos cotiáns, familiares e habituais para que o alumnado aprenda comprobando o interese e a utilidade do que aprende, de maneira que poidan transcender do contexto en que se produciron e ser aplicadas a contextos múltiples; creará un contorno seguro e un ambiente motivador.

## **7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

- Libros de texto e cadernos de reforzo de 6º de primaria da editorial Anaya.
- Guías didácticas e CD-ROM de recursos didácticos
- Libros de lectura
- Programas informáticos específicos
- Visitas a museos e zonas arqueolóxicas ou paisaxísticas de interese
- Encerado dixital.
- Proxector.
- Ordenadores.
- Láminas e murais sobre temas determinados.
- Fichas de reforzo, ampliación e actividades de desenvolvemento da intelixencia.
- Biblioteca de aula e de centro.

## **8.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

### **PROCEDEMENTOS**

- \* Observación directa do traballo feito na clase. Revisión diaria na clase das tarefas realizadas.
- \* Análise das produción dos alumnos.
- \* Valoración das actitudes fronte á aprendizaxe: traer o material de traballo, entregar a tempo as tarefas e cadernos, presentación limpa e ordenada dos traballos, respectar ás normas da clase, participar na clase con actitude positiva, colaborar de bo grado nos traballos en grupo.

### **INSTRUMENTOS**

- \* Realización de controis ao remate de cada tema tratado.

- \* Revisión dos cadernos, caderniños, pequenos traballos monográficos e pequenas investigacións.
- \* Lista de control das actitudes na clase e fronte o traballo.

## **9.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Valorárase sobre todo:

- Probas de avaliación periódica .
- Observacións continuas do profesor.
- Presentación limpa e ordenada dos traballos.
- Incorporación aos escritos das normas ortográficas aprendidas.
- Interese e esforzo pola aprendizaxe.

Os controis contarán un 80% e os traballos, fichas, probas orais e cadernos, contribuirán un 20% á nota definitiva. Valorarase sempre en positivo a participación activa e o interese. En expresión artística a participación e interese contarán o 50%.

## **10.- MINIMOS ESIXIBLES PARA A AVALIACIÓN POSITIVA**

- NA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ
  - Le textos narrativos e poéticos interpretando correctamente o seu significado.
  - Capta as ideas principais e secundarias e comprender as mensaxes dos textos empregando estratexias de comprensión lectora.
  - Emprega correctamente os dicionarios para resolver dúbidas sobre as palabras
  - Atopa palabras antónimas e sinónimas doutras e empregaas en contextos adecuados.
  - Identifica un campo semántico e unha familia léxica e as palabras que o integran.
  - Acentua correctamente as palabras segundo as normas xerais.
  - Escribe con corrección palabras con b e con v.
  - Escribe e utiliza correctamente palabras homófonas.
  - Escribe correctamente palabras do léxico común con ll e con y.
  - Escribe adecuadamente as terminacións zo, za, cio, cia.

- Usa correctamente os signos de puntuación.
- Relaciona siglas e abreviaturas co seu significado.
- Coñece e recoñece todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar o nome, sustituílo, expresar as súas características, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras e oracións, etc.
- Identifica, clasifica e emprega adecuadamente os determinantes.
- Distingue os adxectivos en enunciados e textos.
- Distingue os pronomes e as súas clases en enunciados e textos.
- Diferencia a raíz e as desinencias dun verbo.
- Identifica as formas non persoais dos verbos.
- Clasifica verbos segundo a súa conxugación.
- Identifica, clasifica e usa adecuadamente adverbios.
- Distingue preposicións e conxuncións en enunciados e textos.
- Distingue suxeito e predicado en oracións simples.
- Diferencia o complemento directo e indirecto en oracións e pode substituílos polos pronomes adecuados.
- Localiza e clasifica os diferentes tipos de complementos circunstanciais.
- Diferencia as clases de oracións segundo a intención do falante.
- Coñece a variedade lingüística de España e do español como fonte de enriquecemento cultural. Mostra respecto cara as linguas e dialectos que se falan en España e cara ao español de América.
- Distingue a introducción, o nó e o desenlace nos textos narrativos.
- Recoñece e interpreta algúns recursos da linguaxe literaria: as características métricas dos poemas e algunhas figuras retóricas: metáfora, comparación, personificación, hipérbole e xogos de palabras.
- Emprega procedementos sinxelos para a interpretación de textos, como o subliñado de ideas esenciais, a relectura e a consulta no dicionario.
- Capta o propósito dos textos identificando as partes da súa estrutura organizativa, o tema e as persoaxes.
- Fai resumos seguindo as pautas dadas.
- Explica clara e ordenadamente o argumento dun libro ou dunha película.

- NA ÁREA MATEMÁTICAS

- Realiza sumas, restas, multiplicacións e divisións dadas.
- Utiliza a proba da división para comprobar a solución de divisións dadas.
- Recoñece números divisibles entre 2, 3, 4, 5 e 9.
- Clasifica unha mostra de números en primos e compostos.
- Expresa produtos en forma de potencia e viceversa.
- Identifica a base e o expoñente en potencias dadas.
- Utiliza sumas, restas, multiplicacións, divisións e a combinación destas para resolver problemas da vida cotiá.
- Le e escribe números decimais.
- Identifica as distintas partes dun número decimal dado.
- Identifica o valor de posición das cifras dun número decimal.
- Ordena unha serie de números decimais.
- Efectúa sumas, restas, multiplicacións e divisións con números decimais.
- Efectúa produtos de números decimais pola unidade seguida de ceros.
- Realiza divisións dun número decimal entre un número natural dado ou divisións entre dous números decimais dados .
- Calcula o cociente dun número decimal dado entre a unidade seguida de ceros.
- Realiza operacións de suma, multiplicación e división on números naturais e decimais.
- Calcula cuadrados, cubos e potencias de base 10.
- Realiza sumas, restas, multiplicacións e divisións de fraccións.
- Calcula o máximo común divisor e o mínimo común múltiplo.
- Aplica a xerarquía das operacións e o uso dos paréntesis.
- Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas, revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolución.
- Conoce e emprega as unidades de medida do tempo e as súas relacións.

- Identifica numerador e denominador dunha fracción.
- Representa as fraccións graficamente.
- Obtén fraccións equivalentes a unha dada mediante multiplicacións e divisións.
- Calcula a fracción irredutible dunha fracción dada.
- Calcula unha fracción determinada dunha cantidade.
- Obtén fraccións equivalentes a outras para que teñan igual denominador.
- Efectúa sumas, restas, multiplicacións e divisións de fraccións dadas.
- Realiza multiplicacións dun número por unha fracción determinada.
- Le unha porcentaxe dada, escribe a súa fracción decimal e explica o seu significado.
- Calcula porcentaxes determinadas.
- Asocia unha magnitude ás súas unidades de medida.
- Realiza transformacións entre unidades de lonxitude, entre unidades de capacidade e entre unidades de masa dadas.
- Localiza e sitúa na recta numérica números enteiros dados.
- Efectúa sumas e restas de números enteiros dados.
- Debuxa un ángulo e sinala os seus elementos.
- Clasifica ángulos dados nos seus diversos tipos.
- Calcula a área de paralelogramos dados.
- Achar a área de triángulos dados.
- Obtén a área de polígonos regulares dados mediante a fórmula.
- Calcula a lonxitude da circunferencia e a área do círculo.

### ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

- Busca, selecciona e organiza información concreta relevante, analízala, obtén conclusións, reflexiona acerca do proceso seguido e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
- Realiza con responsabilidade e esforzo as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.

- Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable e construtivo e respecta os principios básicos do funcionamento democrático (respetar turno e opinión, escoitar ao outro, argumentar, toma de decisions conxunta).
- Coñece as principais formacións do relevo de Galicia, España e Europa.
- Coñece os climas, as vertentes hidrográficas de Galicia, España e Europa, así como as características dos seus paisaxes e os accidentes das súas costas.
- Describe como o home emprega os recursos da natureza para sobrevivir e para iso transforma a paisaxe.
- Comprende a necesidade de conservar as paisaxes naturais e adopta actitudes de respecto cara aos problemas ambientais e busca medidas para solucionarlos.
- Explicar a influencia do comportamento humano no medio ambiente, identificando o uso sostible e o consumo insostible dos recursos naturais.
- Identifica e describe as alteracións e desequilibrios que os seres humanos producimos no medio natural e as causas que os provocan. Propón medidas para conservar e protexer o medio ambiente. Valora a reciclaxe e a reutilización dos distintos materiais.
- Explica as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.
- Explicar as diferencias entre materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obtelos.
- Identifica as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describindo as características destes.
- Coñece as principais actividades económicas en Galicia, España e Europa, diferenciando os sectores primario, secundario e terciario.
- Explica que é o turismo, as súas principais formas, e valorar o sector turístico como un dos principais motores da economía española.
- Explica e comprende as principais funcións do Estado na política económica, e coñece as principais vías de aporte e recepción de recursos entre o cidadán e o Estado.
- Describe o funcionamento da publicidade e as súas técnicas, distinguindo entre publicidade educativa e publicidade consumista.
- Describe as grandes etapas políticas do século XIX en España, dende a Guerra da Independencia ata a Rexencia de María Cristina.
- Analiza as grandes transformacións sociais e económicas da España do século XIX.
- Diferencia as correntes artísticas e culturais da España no século XIX, citando obras e autores representativos.

- Describe as grandes etapas políticas do século XX, dende o reinado de Alfonso XIII ata os nosos días.
- Analiza a Constitución de 1978 como a base xurídica da nosa Democracia.
- Respecta os dereitos humanos e as diferencias existentes entre os sistemas de valores das distintas relixións ou grupos étnicos, aceptando o principio de igualdade.
- Describe o proceso de integración de España en Europa, explicando que é a Unión Europea, a súa historia, as súas principais institucións e os seus obxectivos políticos e
- Diferencia as correntes artísticas e culturais de España nos séculos XX e XXI, citando obras e autores representativos de cada unha delas.

- ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

- Obten información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación a partir das consultas de fontes directas e indirectas, comunicando os resultados.
- Utiliza as tecnoloxías da información e comunicación, coñecendo e respectando as indicacions de seguridade na rede
- Utilizar diferentes técnicas de exposición oral e escrita dos resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándoos con soportes gráficos.
- Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.
- Coñece a estrutura dos seres vivos (células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas): principais aspectos da estrutura e fisioloxía dos animais.
- Identifica e describe a estrutura das plantas como seres vivos, identificando as súas principais características e función.
- Coñece os diferentes niveis de clasificación dos seres vivos (reinos, grupos,..) e clasifícalos atendendo as súas características e tipos.
- Coñece as características e componentes dun ecosistema, diferentes tipos e hábitats dos seres vivos, valorando a súa importancia e a necesidade de conservalos.
- Mostra interese pola observación e o estudo rigoroso dos seres vivos e npor adoptar un comportamento activo na conservación e o coidado do medio natural.
- Coñece o concepto de enerxía e diferencia os seus tipos.

- Valora e xustifica o uso de enerxías renovables, así como o seu desenvolvemento sostible.
- Planifica e realiza sinxelos proxectos para estudar a electricidade e o magnetismo.
- Coñece máquinas sinxelas que empregan a electricidade como fonte de enerxía principal ou secundaria.
- Coñece e identificar inventos e descubrimentos claves na historia da humanidade e ás persoas que están tras eles.

- ÁREA DE EDUCACION ARTÍSTICA

- Analiza de maneira sinxela imaxes fixas e en movemento atendendo ao tamaño, formato, elementos básicos (puntos, rectas, cores, iluminación, función...).
- Elabora murais con diversas informaciones considerando los conceptos de tamaño, equilibrio, proporción y color, y añadiendo textos e imaxes nos mesmos.
- Desenvolve actividades que traballen o espacio bidimensional, empregando os conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.
- Traballa os cores complementarios e a gama de cores e emprégaos nas súas composicións artísticas.
- Realiza producións plásticas sinxelas empregando diferentes técnicas artísticas: debuxo, rotulado, coloreado, collaxe, pintura, moldeado, papiroflexia.etc.
- Analiza as formas de representación según o punto de vista ou a situación no espacio. A perspectiva.
- Aprecia a orixinalidade; rechaza a imitación e a copia.
- Participa con gusto nas actividades artísticas comúns no Centro ( Samaín, Nadal, etc)
- Traballar as figura planas e emprega as distintas figuras xeométricas para facer composicións.
- Imaxina, debuxa e elabora obras tridimensionais con diferentes materiais, recursos e técnicas.
- Usa de maneira sinxela o compás para facer pequenas composicións artísticas.

ÁREA DE VALORES CÍVICOS

- Traballa en equipo valorando o esforzo individual para a consecución de obxectivos e mostrando actitudes de colaboración cos outros.
- Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e o plantexamento de propostas de actuación.
- Coñece e asume os rasgos característicos da súa personalidade
- Recoñece e identifica as súas emocións
- Interpreta os seus sentimentos, necesidades e dereitos á vez que interpreta os dos demais nas actividades cooperativas
- Participa na solución dos problemas escolares.
- Identifica e define problemas sociais e cívicos buscando posibles solucións
- Coñece e analiza as consecuencias, vantaxes e inconvenientes que teñen os actos e decisións propias e os dos demais.
- Emprega os elementos da comunicación verbal e non verbal traballados na aula nas súas exposicións orais en consonancia cos sentimentos e mostrando coherencia entre eles.
- Dialoga, escoitando as exposicións dos seus compañeiros, dando sentido aos que escoita, entendendo o punto de vista do outro e expoñendo respectuosamente as súas opinións respecto a un tema plantexado.
- Compara diferentes ideas e opinións para encontrar os aspectos común coas súas propias.
- Expresa as cualidades das persoas coas que se relaciona.
- Expón os beneficios que conlevan os actos altruistas.
- Coñece o concepto de norma e a importancia do seu cumprimento e participa na súa elaboración e execución.
- Identifica as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes do conflito.
- Identifica e describe desigualdades sociais.
- Valora a importancia de que todas as persoas disfruten dos dereitos básicos: saúde, benestar, alimentación, vestido, vivenda e asistencia médica.
- Identifica distintas formas e feitos de desigualdade e discriminación cercanos á súa realidade ( racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades, maltrato e exclusión de minorías étnicas...)

- Identifica diversas formas de pensamento en persoas de diferentes culturas e relixións.
- Analiza, explica e valora os derechos básicos dos nenos e as consecuencias negativas da desprotección da infancia xustificando a necesidade de axuda
- Explica de forma creativa os dereitos e deberes de igualdade entre homes e mulleres e a necesidade dunha igualdade na asignación das tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar.

## **11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

A atención á diversidade deberá:

- Adaptarse ás características individuais e sociais de cada alumno ou alumna.
- Adoptar unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial do alumnado en cada núcleo de aprendizaxe que permita detectar os seus coñecementos previos, para facilitar a significatividade dos novos contidos que se deben aprender.

As estratexias a utilizar serán:

- Adoptar organizacións flexibles dentro da aula, practicando estratexias inter e intragrupoais, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.
- Realizar as adaptacións curriculares necesarias para asegurar que se poida manter unha escola na que teñan cabida todos, sexan cales fosen as súas necesidades educativas ou intereses persoais específicos.
- Ofertar actividades de reforzo e ampliación nas diferentes materias no momento en que se considere necesario.
- Potenciar a utilización da biblioteca de aula e o uso das TIC.

## **12.- PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

Neste curso hai dous alumnos que teñen pendentes de recuperación materias do curso anterior. Como no caso de todas elas, na súa maior parte, os contidos son comúns en 5º

e en 6º, servirá para partir dos coñecementos máis básicos nas distintas áreas e ir avanzando pouco a pouco nelas, programando todas aquelas actividades de reforzo que sexan necesarias para que poidan ir recuperando os contidos pendentes e avanzando nas do curso actual. Prestarase especial atención ao desenvolvemento do cálculo e estratexias de razoamento básico no caso das matemáticas e ao desenrolo de destrezas básicas para as áreas de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais : comprensión da información, separación da idea principal e aquelas encamiñadas ao seu desenvolvemento e realización de esquemas e resumos que permitan estruturar o que debe recordar.

No caso das linguas, posto que son materias nas que se fai unha continua revisión do xa aprendido, faranse as oportunas aclaracións e reforzos no momento en que se detecte a necesidade destes.

### **13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O alumnado deste Curso participará ao longo de este curso en todas aquelas actividades que se organicen no Centro ( Día da paz, Samaín, entroido,..) programadas polo equipo de Actividades complementarias e extraescolares, en coordinación co equipo de biblioteca e o Equipo de dinamización lingüística. Ademais, están previstas as seguintes saídas didácticas:

- No primeiro trimestre:

- . Visita a Corax fauna, en Paderne, Betanzos
- . Saída ao cine preto das vacacións de Nadal.

- No segundo trimestre:

- . Obra de teatro en inglés e posible visita breve á Domus.
- . Visita ao Muncyt, á Casa das Ciencias ou ao Museo arqueolóxico de A Coruña, segundo a dispoñibilidade destes

- No terceiro trimestre:

- . Excursion fin de curso.

4.- Outras saídas:

- . Concertos didácticos.
- . Xornadas de convivencia no contorno co resto da escola.

E todas aquelas que poidan xurdir e teñan un interese educativo para o alumnado.

Particián asimesmo nas actividades propostas para os días con xornada reducida no Centro:

- Venres 27 de outubro ( Magosto)
- Xoves 21 de decembro (Nadal)
- Venres 9 de febreiro ( Entroido)
- Xoves 21 de xuño ( Fin de curso)

#### **14.- ACCIÓNS PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR**

A lectura é, sen dúbida, unha destreza básica que se aprende e que os alumnos deben dominar para comprender e interpretar adecuadamente o mundo que os rodea; pero, ademais, conta cun importante compoñente adictivo que se fomenta ofrecendo una variedade de libros atractivos para o alumnado, que fagan que a lectura sexa en sí gratificante.

Os alumnos de sexto curso de Educación Primaria atópanse no momento de afianzar a competencia comunicativa como ferrament para todos os demais aprendizaxes e para a interacción en múltiples contextos sociais.

A través da lingua adquiren os distintos coñecementos, elaboran os seus pensamentos e relaciónanse co entorno. Polo tanto as destrezas en lectura e en escritura son fundamentais. Neste momento consolídase a súa capacidade para distinguir entre distintos tipos de textos, pero tamén para desenvolver o gusto pola lectura, así como a capacidade de valorar críticamente os libros lidos.

Os alumnos de 6º dispoñen de abundante e variado material de lectura na biblioteca do Centro e, de maneira máis reducida, na biblioteca de aula.

As actividades que se realizan para o desenvolvemento do Plan Lector, son as seguintes:

- Lectura individual en silencio durante vinte minutos todos os días. Os alumnos han de ler, como mínimo, dous libros ao trimestre, aínda que a maioría supera con creces este número.
- Os alumnos escollen los libros que desexan leer. Cuando rematan a lectura fan unha pequena crítica do libro, e, si lles gustou, dan as razón polas que o recomentan ao resto dos seus compañeiros. Esto anima aos menos motivados a dirixirse a unha lectura concreta.
- Realízanse actividades de comprensión e expresión lectora en todas as clases de lingua.
- A biblioteca pon á disposición dos alumnos unhas “maletas viaxeiras” con contidos variados e adaptados ao seu nivel para estimular a lectura. Así mesmo, relacionadas coas distintas celebracións do ano, propón actividades creativas relacionadas coa lectura.

## **15.- INTEGRACIÓN DAS TICS**

Ordenadores e materiais dixitais permitirán traballar de forma máis rápida, visual e interactiva, e almacenar e manexar moita información. Tamén nos permitirán comunicarnos a través deles. O uso das TIC facilita o traballo de reforzó e ampliación nas distintas materias, o traballo en grupo, a investigación conxunta, o reparto de responsabilidades e a reunificación coherente da información obtida.

Posto que no Centro estase a desenvolver o plan Abalar e que a aula está dotada de ordenadores, cañón e pantalla, así como conexión a internet e ao repositorio Abalar e ao material dixital das distintas editoriais, moitos traballos e actividades realizaranse utilizando estas ferramentas.

## **16.- CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

Estableceranse procedementos de auto-evaluación que permitan valorar o axuste entre o deseño da programación didáctica e os resultados obtidos. Valoraranse para establecer as correccións adecuadas en cada momento:

- Os obxectivos propostos acadados ou non.
- O grado de adquisición das competencias básicas.
- A superación dos mínimos esixibles.
- Os resultados das avaliacións.
- A adecuación dos materiais e recursos didácticos, a distribución de espazos e os métodos didácticos e pedagóxicos empregados.